



Figura 5. Cedeira, Xosé Luis Becerra, 1960.



Música, Maestro

BIBLIOTECA ESCOLAR "CARLOS LABRAÑA"

CEIP NICOLÁS DEL RÍO - Cedeira

CANTOS DE NADAL E REIS

Estas cancións e panxoliñas de Nadal recórdannos ás nosas familias e amigos cercanos que compartiron connosco múltiples momentos de disfrute e agarimo.

Grazas a elas, lembramos persoas e lugares especiais que tiveron importancia nas nosas vidas e forman parte das nosas historias.

O coro de Manolito

O día de Noiteboa de 1959, ás catro da tarde, este coro quedou no adro para ir cantar o aguinaldo. Despois de sacar a foto, contra a “Palleira”, comezaron a cantar e encamiñáronse cara a Area, Casas Baratas, Os Catro Camiños e de volta, cara o Bar do Ramón onde remataron o percorrido.



Compoñentes do Coro de Manolito



Xosé de Vigo ensaiando cantos de Nadal coa rapazada.



HOXE NON VIMOS CANTARE
DETRÁS DUN TOXO PEQUENO
VIMOS CANTAR PANXOLIÑAS
PORQUE XA NACEU O NENO

AS GAITAS AS PANDEIRETAS
E ACORDEÓN TOCARÁN
DISFRUTEMOS DO MOMENTO
NESTA NOITE DE NADAL

RETROUSO 1ª volta Cantado. 2ª volta Música

ANDADE POLOS CAMIÑOS
NON DEIXEDES DE UN LUGAR
CONTÁDELLE A BOA NOVA
E QUE VEÑAN A CANTAR

XUNTEMOS TODAS AS VOCES
VINDE GRANDES E PEQUENOS
ÍMOSLLE CANTAR AO NENO
QUÉ A NINGUÉN BOTE DE MENOS

RETROUSO 1ª volta Cantado. 2ª volta Música

AXUDADE COMPAÑEIRO
CANTEMOS DESTA MANEIRA
PRA QUE TODO O MUNDO SAIBA
COMO É O NADAL EN CEDEIRA

RETROUSO FINAL

FORMEMOS UN CORO
TODOS A CANTAR
PANXOLIÑAS CANTOS DE NADAL
PANXOLIÑAS CANTOS DE NADAL

RETROUSO

OS DA VILA ESTÁN
DA ÁREA TAMÉN
DA RIBEIRA E DE SAN ANDRÉS
OS DE BECO VEÑEN
OS DE MURUXÁS
OS DE ESTEIRO E SANTALLAMAR

2015, XOSÉ DE VIGO



Canción da rapazada “Nadal en Cedeira”

CANTOS DE ENTROIDO

A festa do Entroido ou Antroido remóntase ás festas pagás e rompe con toda seriedade. Dando paso así, ás apegotas, á música e ao anonimato, coas mascaritas que marcan o noso entroido cedeirés.

Así podemos nomear algunhas comparsas como “Los Eléctricos”, “Los Pierróts” (Borbay), “Unión Musical”, “Crendes”(*) ou “El Crimen del Rabadán” parodiando en festas e feiras. Tamén en lugares que se recordan con especial agarimo: o salón de Vilas en Cervo, o salón da Area, o de Montoxo, San Román... Pero o que reúne á toda a xuventude cedeirésa no 1928 é o Cine Arriví ata o 1957 que arde nun incendio. O Tres de Ouros (1950) e o Parque-Pista Floreal foron os seguintes escenarios de risas e música.

* De “Crendes” consérvase a letra do vals “Cedeirésa”. Páx. 279 libro “A música popular en Cedeira e no seu contorno de José Antonio Suárez Aneiros.

Historia de Cedeira en fotos



Cruz

Comparsa “El crimen de Rabadán”

No ano 1920 saiu ás rúas da nosa vila esta comparsa, parodiando aos músicos ambulantes que existían na época. “El Crimen del Rabadán” é o imaxinario asesinato de Ghosefa García e a súa filla Soledad no lugar de Santalla dese nome. O que fai de “cego” é Adolfo Rodríguez Yáñez (pai de Sixto da Romeira) e o “criado” é Luis Deibe. Fotografía restaurada por J.M.Torres
Información : “A Música Popular en Cedeira e no seu Contorno” de Xosé Antonio Suárez Aneiros





“Os Galaicos” e outra xente cantando con eles, quizais a Yuca)

Pola esquerda: Damota, Roberto Arribí, Manolito, O Triqui, Manso, Ramón de Amando (autor da peza?), Cantinflas e o de costas O ‘ Toño. A cabeza que está entre o sol e Robero Arribí podería ser o Culoro, no Tres de Ouros.

A Yuca, páxina 314 “A música popular en Cedeira e no seu contorno” de José Antonio Suárez Aneiros.



Fotografía de Juan Manuel e José Luis Aneiros Loureiro na sala Tres de Ouros celebrando o Entroido.


Fotografía cedida por Antonio Vicente Carro Loureiro.



CANTOS INFANTÍS

As cancións da nosa infancia; aquelas que acompañaban xogos de palmas, de corda ou mesmo para facer exercicio. Velaquí algunhas delas, rescatadas da memoria dos nosos maiores. Seguíde xogando!

Vídeos coa rapazada:



Andrés Piñón Loureiro e Amelia Loureiro Loureiro na Praza Roxa.

Fotografía cedida por: Antonio Vicente Carro Loureiro.





Pandeyretada con Mari Luz Lorenzo



Desde Córdoba a Sevilla





Xa sei sumar




Concertiño con Aida Lozano Beceiro, Zeltia Labraña González e Paulo Vicente Monteagudo





Canci3ns do corro





As avoas. Entrevista a Josefa Leonardo Díaz ,Victorina Garrote Garrote, Consuelo Quintana García, Estrella Leonardo Martínez e Josefa López Rey.



Canción “A praia do Varadeiro”



As avoas

CANCIÓN E COPLA POPULAR

A palabra “popular” define ben as cancións que traballamos neste apartado. Popular, do latín populus-pupularis, refírese a aquilo que pertence ao pobo ou que procede del. Inclúiranse pois, aqueles cantares que as nosas xentes foron transmitindo de xeración en xeración. A maioría deles, normalmente son ben coñecidos independentemente do lugar no que nos atopemos, pero hai algúns, que por ser argallados en letra ou en letra e música na nosa vila, adquiren para nosoutros un valor especial.

Non pretende isto ser un cancionero, que hai moitos traballos de investigación moi ben documentados e libres en rede para poder consultar, e mesmo libros de autores locais onde atoparemos estas pezas de música popular.

O único que pretendemos é deixar aquí unha pequena mostra do traballo de transmisión cultural feito cos escolares neste curso académico .



Fotografía cedida por Rosa Rodríguez García



Mari Luz Lorenzo bailando con falda encarnada, fronte a Loli do-Santrope, de fronte de falda azul Veronica Rey Fraga. En San Antonio do Corveiro na primeira e das poucas actuacións que bailou. Fotografía cedida por Mari Luz Lorenzo



Trío Alegría
Xosé Antonio de Breixo e fillos en
San Roque de Reboredo.
Fotografía cedida por Xavier Carro



Entrevista a Mari Luz
Lorenzo



Integrantes fotografía da
Romaxe a Santo André



Alumnado “Taller da memoria”



Banda gaitas Robaleira
Fotografía cedida por Xavier Carro



A primeira gaita de
Antonio Rodríguez
Fotografía cedida por
Antonio Rodríguez



Entrevista a José
Antonio García e
Antonio Rodríguez da
Banda de gaitas
Robaleira



José Antonio García e Grupo de Baile Galego Estelas
da noite.
Fotografías cedidas por José Antonio García



Entrevista Xavier Carro
de Debadoira



Os periquiños



Entrada a ría de Cedeira





Cruz

Cantando en San Antonio

Pola esquerda: Tocando a guitarra Xosé Antonio Suárez Aneiros, Juan da Tintorería, José Manuel Martínez, por detrás o seu irmán Luis, Pepe do Nochero, Manolo “Ferrete” e de xeonllos José “O Rancheiro”.

Fotografía cedida por: Cruz López López



Danza de aros



Taller de memoria



Entrevista a José Antonio Suárez Aneiros



Popurrí de Cedeira





“A cartilla profesional de músico, que sacou no 1950, aos 16 anos, para que o grupo de música puidera cobrar as actuacións.

E a foto da Banda Nova, na que sae el de pequeniño. Xa morrera o seu pai e él estaba sentado ó lado do compañeiro do seu pai, que tamén tocaba o bombardino.

Meu pai empezou tocando o redoblante na Banda Nova.

A única foto que teño do seu redoblante é de cando o vendeu ao seu amigo Manolo Vergara para poder pagar unha cea para os amigos antes de emigrar a Uruguay.

Xusto esa patrona sae Manolo Vergara tocando o redoblante que lle comprara ao meu pai. Hai por ahí unha foto.”

Verbas de Alicia Freire Vera (filla de Ricardo).

C. N. S.
de
La Coruña
LOCAL DE
Pedreira

Afiliado n.º *0845820*

Hermandad } *Española*
Sindicato Local }

Sección

Grupo *Música*

Subgrupo *A. Trío*

Profesión *Músico*

Freire de *29-2-1954*
Jefe de la Hermandad
o Sindicato local.

Intervino:
Estadística Provincial,
Freire

Apellidos } *Freire*
Blanco

Nombre *Ricardo*

Nacido el *29-2-1934*
(Firma del interesado)

Ricardo Freire Blanco

N.º cartilla profesional

Gráficas Reunidas - Madrid.

Cartilla profesional do músico Ricardo Freire



Entrevista sobre Ricardo Freire na voz de Alicia Freire

GRUPO CANDIEIRA



Entrevista Grupo "Candieira"



Entrevista a Charo do Pinzón e Tiano Labraña




IV Festival Ría de Ares (Pontedeume, 1974)

De esquerda a dereita: Tono de Rosa, Hilda de Cardete, Aurora de Foz, Alfredo de Rosa, Charito do Pinzón e Tiano Labraña.



Ano 1980. Actuación no Centro Social de Caranza, Ferrol.

De esquerda a dereita: Alfredo Quintiana, Carmiña, Tono Quintiana, Charo García, Eulogio Picos, Quico Bellos, Tiano Labraña e Manuel Aneiros.



RECORDOS MUSICAIS



Cantando na merenda da Xira da Patrona, en San Antonio do Corveiro, 17/08/1950

Posiblemente, Pián e a súa muller Carmiña, Luisa Loureiro Martínez, José Proa, Luisa e Luisita.

Fotografía cedida por: Antonio Vicente Carro Loureiro



Consuelo Montero Panceira (Chelo da Trabe) e José Antonio Suárez Aneiros (Don Antón). Na pista do Floreal un día de festa.

Fotografía cedida por:
M^a Teresa Pérez Montero.



“Os Galaicos”

José Luis Beceiro, 1960

Foto cedida por Aída Lozano Beceiro



Sección da Banda Vella, anterior a 1953.

Foto cedida por Aída Lozano Beceiro



Integrantes Sección da Banda Vella



Cruzando a ponte, detrás o antigo cine.

Setembro 1956, San Cosme?. José Luis Beceiro na caixa, Hilario Cheda, O Culoro, Damota ao saxo.

Foto cedida por Aída Lozano Beceiro



Teri

“Os Nocheros”

Fotografía cedida por Cruz López López. Documentación grupo de Facebook “Historia de Cedeira en fotos”, administrado por Cruz López López e J.M.Torres e o libro de José Antonio Suárez Aneiros.



Integrantes
“Os Nocheros”

Masa Coral Eixil
Fotografía cedida por Claudia Rico Rey



Integrantes
Masa Coral Eixil



Amigos de San Román.
Manolo Martul (Regha), O Juairo o resto sen identificar.
Fotografía cedida por: Sofía Couce



Manuel García Jiménez tocando o órgano. Nace no 1924.
Organizou coros, foi compositor dunha habanera, formou parte de “Os Nocheros” e “Os Galaicos”, director da “Masa Coral Eixil”, entre outras actividades musicais.





María Antonia e Ramón Loureiro Martínez bailando diante de Rigel.
Fotografía cedida por: Antonio Vicente Carro Loureiro



José Antonio López (o Canexo),
cos seus catro fillos: Ricardo,
Cedeirita, Gervasio e Damián
Rodríguez Rey.
Data aproximada: 1915



Orquesta "Os Galaicos"
Fotografía cedida por: Marta Cheda López



Material gráfico creado para a recollida de información.
Biblioteca Escolar "Carlos Labraña" - CEIP NICOLÁS DEL RÍO



INTEGRANTES
"OS GALAICOS"



Música e baile no Parque - Pista Floreal
Fotografía cedida por Cruz López López

Agradecer a participación de toda a comunidade educativa e axentes sociais pola súa vontade e implicación, tanto na documentación oral e gráfica, aprendizaxe de cancións, xogos... como na identificación da máxima cantidade de persoas nas fotografías antigas.

CEIP NICOLÁS DEL RÍO - CEDEIRA

BIBLIOTECA ESCOLAR “CARLOS LABRAÑA”

CONCELLO DE CEDEIRA

POLOS
CREATIVOS

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



RADIO
NA BIBLIO



CEDEIRA



BIBLIOTECA
CREATIVA



PLAMBE



Cabo Ortegal
PROXECTO DE
XEOPARQUE





Este libro é o resultado dun proxecto de investigación levado a cabo no curso 2023/24.
“Música, Maestro” é o produto da participación de toda a comunidade educativa.

Gracias a todas e todos os que o fixeron posible.